

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA
“Doutor SUÁREZ”

Rúa das Escolas nº 7 – 36847 FORNELOS DE MONTES (PONTEVEDRA)

Páxina na rede: centros.edu.xunta.es/ceipdoutorsuarez

Enderezo electrónico: ceip.doutor.suarez@edu.xunta.es

Teléfono: 886 15 12 41 Fax: 886 15 12 42



XUNTA
DE GALICIA

1. INTRODUCCIÓN:

O contexto educativo está considerado como un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos, que axuda ó alumnado a percibir a utilidade da lingua.

En base a iso, o *“Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia”*, establece que os centros educativos elaborarán o Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) de cara a unha potenciación e impulso das linguas oficiais no territorio nacional así como da lingua estranxeira impartida no centro, o inglés.

En dito proxecto recóllese a regulación dos usos lingüísticos comunicativos no centro (documentación, administración, materias, actividades, etc.) de cara a un proxecto integral e equilibrado no ensino – aprendizaxe das linguas para que así o alumnado logre desenvolver e mellorar as súas competencias lingüísticas.

2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO:

En base ao estudo lingüístico do alumnado do centro e ás enquisas ás familias do novo alumnado, conclúese que a lingua materna predominante do centro é o castelán. A continuación, detallaremos os datos lingüísticos por cursos:

Infantil: 10 galego 5 castelán
1º primaria: 0 galego 3 castelán
2º primaria: 2 galego 10 castelán
3º primaria: 0 galego 7 castelán
4º primaria: 1 galego 7 castelán
5º primaria: 5 galego 7 castelán
6º primaria: 2 galego 5 castelán

En base ós datos, podemos concluír que o noso centro CEIP Doutor Suárez está situado nunha contorna con presenza das dúas linguas, quizais en maior medida do galego na xente de maior idade, e ata fai uns anos no centro e nos fogares dos alumnos/as, sen embargo, na actualidade, a lingua máis falada polo alumnado do centro é o castelán.

Con respecto ó profesorado hai mestres que teñen como lingua habitual o galego e outros o castelán. Todo o profesorado está capacitado para impartir docencia en ámbalas dúas linguas e a actitude cara a dinamización da lingua galega e o ensino en galego é boa.

No citado *“Decreto para o Plurilingüismo”*, no artigo 1 di que *“Na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarse o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente”*. Xa que logo, fomentarse o emprego habitual e cotiá da lingua galega.

Na mesma liña da lei, fomentárase a lingua galega nos actos e comunicados internos, así como nas actividades complementarias e extraescolares. O galego impulsárase na elaboración dos documentos de xestión do centro (agás as programacións de lingua castelá), para a relación coas familias, o entorno social e a documentación administrativa.

Son moitos os estudos sociolingüísticos que indican que o castelán apréndese a partir de múltiples fontes, mentres que, desgraciadamente, o idioma galego está nunha situación de desvantaxe social moi forte. Así mesmo, por parte das familias non se fomenta do mesmo xeito, xa que moitos pais e nais que falan galego fálanlle castelán ós seus fillos/as.

A situación lingüística do alumnado cara á diglosia conduce a moito alumnado a chegar á situación de considerar o castelán como a lingua de maior prestixio, de emprego obrigado cando un chega á cidade ou incluso con alumnado de fóra da aldea que fala castelán.

3. OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN:

Os obxectivos para mellorar o uso lingüístico escolar e educativo son os seguintes:

- Dignificar o idioma e transmitir a idea de que o galego é útil e válido en calquera situación das súas vidas, pensando especialmente no día de mañá.
- Mellorar o coñecemento que o noso alumnado ten do galego tanto a nivel oral como escrito, xa fortemente castelanizado especialmente nos aspectos semánticos.
- Potenciar a realización de traballos escritos (contos, poemas) en galego coidando a gramática e as normas ortográficas.
- Aumentar o vocabulario dos nosos alumnos/as.
- Mellorar o nivel de galego entre o profesorado.
- Animar ó alumnado para que se exprese correctamente na nosa lingua.
- Animar ó alumnado para que utilice a biblioteca tanto de aula como de centro.
- Iniciar ó alumnado na utilización das TICS tanto para reforzar coñecementos como para buscar información, aspecto que facilitará a rotura da brecha dixital que a internet pode supoñer en canto á lingua galega.
- Utilizaranse todo tipo de recursos para reforzar e apoiar o correcto uso lingüístico (dicionarios, xogos educativos, actividades informáticas, etc).
- Investigar sobre as festas e tradicións galegas.
- Celebrar, como é costume, as celebracións do ciclo do ano.
- Investigar sobre os xogos populares e tradicionais da nosa zona.
- Coñecer e realizar nos festivais bailes, danzas e cantigas galegas.
- Asistir a representacións, proxeccións e concertos didácticos nos que se fomente o uso do galego e grazas ás cales poidan asociar o galego a unha lingua útil e de prestixio.
- Participar en actividades e concursos que fomenten o uso da lingua Galega.
- Ligar a lingua galega a todas as actividades complementarias e extraescolares do centro.
- Animar a que o profesorado fale na lingua galega de forma habitual, especialmente nas relacións informais co alumnado e familias.
- Aumentar o coñecemento da literatura galega e dos máis importantes escritores galegos(a maioría deles presentes na nosa biblioteca de centro)

4. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS:

Na Educación Infantil, o galego será –con carácter xeral- a lingua vehicular inicial. Todos os inicios de curso faise a enquisa ás familias para saber a lingua materna do novo alumnado.

Na Educación Primaria, impartiranse en Lingua Galega as seguintes materias:

Curso	Materias
1º curso	Lingua Galega Ciencias naturais Ciencias sociais Educación Artística Educación Física
2º curso	Lingua Galega Ciencias naturais Ciencias sociais Educación Artística Educación Física
3º curso	Lingua Galega Ciencias naturais Ciencias sociais Educación Artística Educación Física
4º curso	Lingua Galega Ciencias naturais Ciencias sociais Educación Artística Educación Física
5º curso	Lingua Galega Ciencias naturais Ciencias sociais Educación Artística Educación Física
6º curso	Lingua Galega Ciencias naturais Ciencias sociais Educación Artística Educación Física

E impartiranse en lingua castelán as seguintes materias:

Curso	Materias
1º curso	Lingua Castelá Relixión Católica / Atención Educativa/valores cívicos Matemáticas
2º curso	Lingua Castelá Relixión Católica / Atención Educativa/valores Matemáticas
3º curso	Lingua Castelá Relixión Católica / Atención Educativa/valores Matemáticas
4º curso	Lingua Castelá Relixión Católica / Atención Educativa Matemáticas
5º curso	Lingua Castelá Relixión Católica / Atención Educativa/Valores Matemáticas
6º curso	Lingua Castelá Relixión Católica / Atención Educativa/Valores Matemáticas

Pretenderemos, tal como se sinala no punto e do artigo 3 do Decreto 105/2014 que implanta o currículo de Educación

Primaria pola LOMCE “ coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá...”
 Todos os contidos serán abordados dende un punto de vista “ competencial”.

5. EXENCIÓNS

A: PROCEDEMENTOS DE SOLICITUDE (ORDE 10/2/14)

B: MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS

C: MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS:

Nos casos de alumnado procedente de contornos castelán-falantes, procurarase que adquira a lingua habitual do contorno facilitándolle a comunicación na súa lingua inicial no caso de ser preciso. Asemade, procurarase que o alumnado adquira as dúas linguas oficiais de forma progresiva e cos límites propios lóxicos da etapa na que cursen os estudos.

No caso de que aparecese alumnado de orixe non española, seguiríamos as indicacións da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro. A Comisión de Coordinación Pedagóxica xunto co profesorado que lle imparte as diferentes materias ó alumno/a faría un plan para que a alumno/a acade un mellor rendemento. Este plan estaría baseado en medidas de reforzo e apoio, baseadas na Orde do 20 de febreiro, a saber:

Artigo 1º: Se considera alumnado obxecto de medidas de atención específica. aquel alumnado procedente do estranxeiro que trala correspondente avaliación, observamos que ten un descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, galega e castelá.

Artigo 4º: A delegación provincial da Consellería de E.O.U. avaliaría os recursos existentes e as necesidades derivadas da escolarización deste alumnado. Se fora necesario mandaríase profesorado de apoio, especialmente nos casos de incorporación ó sistema educativo no segundo curso de primaria ou posterior, ou naqueles nos que a escolarización se produza despois do primeiro trimestre do ano escolar.

Artigo 7º: As medidas de atención escolar de tipo organizativo. Os grupos de adquisición das linguas:

Fariamos agrupamentos flexibles coa finalidade, a través dunha atención individualizada, de acadar unha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilitase a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado.

O alumnado podería formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre, a inspección educativa podería autorizarla ampliación excepcional dese período. En todo caso, o alumno incorporaría-se plenamente ó seu grupo ordinario no momento en que a xunta de avaliación considerase superadas as súas necesidades educativas debidas ó descoñecemento das linguas.

Os grupos de adquisición das linguas poderanse desenvolver na Educación Primaria e, excepcionalmente, no último curso da Educación Infantil.

Horarios:

Educación Infantil: O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición das linguas será de 5 períodos lectivos. Educación Primaria: 10 períodos lectivos no primeiro ciclo da educación primaria e 20 no segundo e terceiro ciclo da educación primaria. Este horario deberase ir reducindo progresivamente a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe. Para facilitarlle a integración escolar e social do alumnado,

este permanecerá co seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física e educación artística, na educación primaria.

6. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

A. COMPOSICIÓN

O equipo de dinamización da lingua galega está composto polos seguintes integrantes:

- **Coordinadora (ed. física):** Lucía Rey Míguez
- **Membro (PT):** Marta Elena Cacheda Pérez
- **Membro (ed. primaria):** Jesús Martínez Lale
- **Membro (ed. Primaria):** Francisco Sierra Abraín

B. FUNCIONES

As principais funcións outorgadas a dito equipo son:

- Presentar propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo do centro.
- Propoñer actividades ó profesorado para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
- Propoñer proxectos tendentes a valorar o uso positivo da lingua galega.
- Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades.
- Propoñer recursos ó profesorado para o emprego dos mesmos nas aulas.
- Propoñer actividades para potenciar a presenza da realidade galega, a cultura, o folclore, xeografía, historia, literatura etc.
- Facer unha avaliación e memoria das actividades realizadas ó longo do curso.

6. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Este programa elaborase anualmente e aparece recollido na PXA de cada curso escolar.

6. PLURILINGÜISMO

A. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO (CON NEAE)

Tomando como referencia o *artigo 14 do decreto 79/2010 do 20 de maio* establece que dentro do proxecto lingüístico do centro deben recollerse as medidas adoptadas para que o alumnado que no teña suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten, as actuacións que levaremos a cabo serán as seguintes:

- Plan de Reforzo: neste plan encóntranse recollidas actividades de apoio e ampliación adecuadas ás características e necesidades do alumnado.
- Adaptación curricular significativa cando esta sexa necesaria e unha vez as medidas ordinarias se esgotaran.
- Plan Específico de Reforzo e Recuperación.

Destacar que se procurará manter a comunicación na lingua materna á hora da intervención, aínda que se fomentará a aprendizaxe de ambas.

B. SECCIÓNS BILINGÜES

Tomando como base o *artigo 21 do Decreto 79/2010, do 20 de maio*, para o plurilingüismo así como a orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües o centro solicitou no curso 2016 - 17 as seccións bilingües de 1º a 4º en plástica. Logo no curso 2017-18 solicitouse a ampliación das mesmas a 5º e 6º e foi aprobada.

Polo tanto, na actualidade, o centro ten seccións bilingües en plástica de 1º a 6º.

Tal e como se recolle na Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües, A participación do alumnado na sección bilingüe estará autorizada polos pais/ nais ou tutores do alumnado que participa nela.

O coordinador do equipo das seccións bilingües é a mestra especialista en lingua estranxeira, deste equipo tamén forma parte o outro mestre de primaria que imparte dita materia bilingüe.

6. AVALIACIÓN

Este plan será avaliado anualmente mediante recollida de información nas reunións do equipo sobre as actividades levadas a cabo e posterior análise dos resultados, avaliarase o cumprimento dos obxectivos da actividade, organización, implicación do profesorado e o impacto no alumnado.

Os resultados de dita análise serán recollidos na memoria final.

Este proxecto foi aprobado polo Claustro do Profesorado e Consello Escolar o día 9 de outubro de 2018.

Asinado: V. Pr.

A Coordinadora de Normalización Lingüística O Director

Alba Penelo Gayoso Jesús Martínez Lale

ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO CORRESPONDENTE AO CURSO 2020-2021:

1. RESULTADO DA ENQUISA FEITA ÁS FAMILIAS CON RESPECTO Á LINGUA MATERNA:

A lingua materna do alumnado de infantil é a seguinte:

4º de infantil: 2 galego e 2 castelán

5º de infantil: 4 galego e 0 castelán

6º de infantil: 4 galego e 2 castelán

2. ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXES PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA, DE FORMA ORAL E ESCRITA O COÑECEMENTO DAS LINGUAS OFICIAIS:

Nas programacións correspondentes a cada nivel recóllense as estratexias para o fomento das linguas oficiais como por exemplo a aprendizaxe de novo vocabulario, creación de historias, traballo da educación emocional, emprego de diferentes soportes como as TICs para transmitir, buscar e tratar a información, recursos TIC para a aprendizaxe, etc.

Ademais, a nivel xeral no centro celébranse as conmemoracións e outras actividades de carácter transversal que fomentan o coñecemento e emprego das dúas linguas oficiais e da lingua estranxeira impartida no centro, o inglés.

3. IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUAS ESTRANXEIRAS: CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN:

Non se aprobou ningún cambio. Seguiranse impartindo as seccións bilingües de 1º a 6º en plástica.

4. VALORACIÓN DO PROGRAMA E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA REALIZADOS POLO CENTRO NO CURSO 2018-2019 E ACTIVIDADES PREVISTAS DO PROGRAMA DO CURSO 2019-2020:

Con respecto ás actividades do ano pasado, aparece recollida a valoración na memoria final do curso pasado.

Con respecto ás actividades previstas para o curso 2019-2020, remitimos ao plan de actividades de Dinamización da lingua galega nos anexos deste documento.

Asinado:

A Coordinadora de Dinamización da lingua galega

Lucía Rey Míguez

V. Pr.

O Director

Jesús Martínez Lale

PLAN DE ACTIVIDADES

DE

DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

CURSO 2019/2020

COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

“Doutor SUÁREZ”

Rúa das Escolas nº 7 – 36847 FORNELOS DE MONTES (PONTEVEDRA)

Páxina na rede: centros.edu.xunta.es/ceipdoutorsuarez

Enderezo electrónico: ceip.doutor.suarez@edu.xunta.es

1. INTRODUCCIÓN.

Esta programación realizada polo equipo de dinamización da lingua galega foi elaborada para levar a cabo durante o presente curso no CEIP Doutor Suárez de Fornelos de Montes e ten como última finalidade tratar de facer efectiva a necesidade de que tanto o alumnado coma o profesorado valoremos a lingua galega como unha riqueza cultural, que nos permite ser bilingües, ler, falar, escoitar, dar a coñecer as nosas ideas e opinións, e en definitiva facernos entender en dúas linguas diferentes, que é algo que debemos transmitirles aos nosos nenos e nenas xa dende pequenos.

2. COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

Durante o presente curso o equipo de dinamización está composto por mestres/as de distintas especialidades, o que lle aporta riqueza ó mesmo. A composición do equipo é a seguinte:

- **Coordinadora (ed. física):** Lucía Rey Míguez
- **Membro (PT):** Marta Elena Cacheda Pérez
- **Membro (ed. primaria):** Jesús Martínez Lale
- **Membro (ed. Primaria):** Francisco Sierra Abraín

3. OBXECTIVOS.

Os obxectivos que establecemos para o presente curso son:

- a. Dignificar o idioma e transmitir a idea de que o galego é útil e válido en calquera situación das súas vidas, pensando especialmente no día de mañá.
- b. Mellorar o coñecemento que o noso alumnado ten do galego tanto a nivel oral como escrito, xa fortemente castelanizado especialmente nos aspectos semánticos, potenciando traballos escritos, empregando as bibliotecas de centro e de aula (coidando a gramática e as normas ortográficas e aumentando o vocabulario).
- c. Potenciar no profesorado actitudes positivas cara o uso do galego mellorando o seu nivel da lingua.
- d. Utilizar as TICS na lingua galega, aspecto que facilitará a rotura da brecha dixital que poden supoñer en canto á lingua galega.
- e. Utilizar todo tipo de recursos para reforzar e apoiar o correcto uso lingüístico (dicionarios, gramáticas, xogos educativos, actividades informáticas, etc).
- f. Fomentar o galego no persoal non docente, nas familias, na ANPA e nas actividades complementarias e extraescolares.

- g. Investigar sobre as festas e tradicións galegas, coñecendo e realizando nos festivais bailes, danzas e cantigas.
- h. Investigar sobre os xogos populares e tradicionais da nosa zona e de Galicia.
- i. Asistir a representacións, proxeccións e concertos didácticos nos que se fomente o uso do galego e grazas ás cales poidan asociar o galego a unha lingua útil e de prestixio.
- j. Participar en actividades e concursos, a nivel interno, nos que se fomente o uso da lingua galega.
- k. Empregar a lingua galega a nivel administrativo e oficial no centro así como o seu fomento na relación coas familias.

4. DESCRICIÓN DE ACTIVIDADES A DESENVOLVER DURANTE O CURSO.

É de destacar que á hora de planificar, organizar e levar a cabo actividades relacionadas co fomento e uso do galego, non debemos entendelas como algo illado das demais actividades vertebradas no centro, xa que a finalidade última destas actividades é potenciar o uso do galego e facendo actividades illadas conseguiríamos o efecto contrario. Así faise necesaria unha continua canle de comunicación entre o equipo de dinamización da lingua galega, o equipo de TICS, o equipo de actividades extraescolares e complementarias, o equipo de biblioteca e sobre todo con todos e cada un dos titores tanto de infantil como de primaria.

Así, dende cada un dos equipos, debemos aportar as nosas ideas e conseguir levar a cabo actividades globalizadas onde ao tempo que normalizamos o uso do galego, tamén fomentemos o uso das TICS, dinamicemos a biblioteca e fagamos actividades complementarias.

Á hora de describir as actividades que levaremos a cabo durante o presente curso, imos dividilas naquelas que se levarán a cabo durante todo o curso e as que terán un especial protagonismo durante cada un dos trimestres nos que se divide o curso.

Non podemos esquecer en primeiro lugar as actividades Administrativas e para o profesorado nas que tamén se fomentará o uso do galego: elaboración de tódolos comunicados, tanto oficiais como non oficiais, actas, notas ás familias, letreiros, documentación, cartas,... en lingua galega.

E tamén actividades cara ó alumnado e ás súas familias:

Imos a facer unha breve descrición das actividades programadas e as que poidan xurdir ao longo do curso relacionadas coas celebracións propias do ano, da nosa contorna e da nosa cultura como son as seguintes:

- **Actividades a desenvolver durante todo o curso:**
- Noticieiro / páxina web do centro: recolleranse actividades de especial relevancia no centro e colgarémolas nos diferentes blogues do cole, así como na páxina web, na medida en que se vaian realizando, sempre en galego.
- Emprego de programas e contidos na rede, preferentemente en galego. Procura de programas en galego para empregalos nos ordenadores da biblioteca, actividades para o encerado dixital no que interactúen os diferentes cursos, visionado de vídeos en galego,...
- Obradoiro de infantil: O obxectivo é compartir experiencias entre alumnado, profesorado e familias. Este curso valorarase que actividade realizar ao respecto.
- Revista Faladoiro. Preparación e realización da revista escolar integramente en galego "O Faladoiro". Todos os alumnos/as do centro participan na súa realización aportando debuxos, noticias, artigos, contos, etc. Farase de xeito dixital e imprimiranse un exemplar por curso para a biblioteca de aula e un para a biblioteca do centro.
- Mochila viaxeira. Cada aula conta cunha mochila que levarán os diferentes alumnos e alumnas da clase. Na mochila incluímos unha selección de libros da biblioteca, música, DVDS didácticos e libros para as familias, así como uns caderniños onde foron anotando as súas impresións e experiencias sobre a actividade e o material que contiña.
- Bolsa viaxeira: Os nenos/as de infantil levarán cada fin de semana unha bolsa cun conto da biblioteca do cole para compartir coas familias, este conto será preferiblemente en galego.
- Charlas divulgativas e actividades culturais: son as recollidas polo equipo de actividades extraescolares e complementarias para realizar ao longo de todo o curso.
- A hora de ler. Diariamente no horario escolar dedícase media hora á lectura silenciosa en primaria e á lectura e dramatización guiada en infantil, potenciándose que o alumnado se interese pola literatura escrita en galego.
- Biblioteca de centro. Ao longo de todo o curso a biblioteca permanece aberta en todos os recreos e os martes e mércores pola tarde, cun mestre de garda para que, todo o alumnado ou antigo alumnado, pais, mestres/as que o desexen poidan acceder a todos os materiais e recursos dos que dispón a biblioteca (contos, enciclopedias, material audiovisual, conexión a rede, etc.).
- Bibliotecas de aula: sempre teremos na aula unha pequena biblioteca, ademais da biblioteca do centro, onde os nenos/as teñan acceso a ler ou consultar un libro cando o desexen ou teñan tempo para facelo.
- PDI "A volta ao mundo de chimpa": dende a biblioteca propúxose facer un Proxecto Documental Integrado baseado no libro "A volta ó mundo en 80 días" de Julio Verne, en

dito proxecto cada aula traballará un país polo que pasou Willy Fog e logo cada curso fará unha exposición de todo o que aprendeu sobre ese país, esas exposicións realizaranse en galego.

- Plan Proxecta “semente viva”: no centro realizarase un viveiro forestal no que se plantarán diferentes especies para logo reforestar o monte, ademais recibiremos charlas e obradoiros que se realizan en galego.
- Recollida de refráns: nas aulas de infantil e primaria na época do outono, inverno e primavera recollemos diferentes refráns aportados polos nenos, mestres e familias.

- **Primeiro trimestre:**

- Mural de outono: farase un mural na entrada do cole sobre o outono, no que se colocarán palabras en galego sobre diferentes temáticas para traballar o vocabulario do outono en galego como froitas, pezas de roupa, meteoroloxía, flora e fauna así como poemas e refráns.
- Día das bibliotecas escolares: o 24 de outubro celebraremos un acto na biblioteca de presentación do PDI da biblioteca no que se lle irán dando datos sobre o conto que imos a traballar e logo cada curso recollerá a súa mochila viaxeira. Este acto será en galego.
- Magosto. Celebrarémolo a finais de outubro traballando, ademais das actividades que cada titor considere oportunas na súa titoría, a nivel de centro unha serie de xogos tradicionais, unha canción en galego e remataremos coa degustación de castañas asadas.

Nos días previos á celebración traballarase nas aulas sobre o tema da castaña, o Magosto, as castañeiras, a recollida das castañas, o outono... faranse murais, manualidades con ourizos e castañas, degustación de froitas de outono, cancións propias do outono, etc.

- O Samaín: con motivo desta celebración a finais de outubro xa comezaremos a decorar o centro coa axuda dos nenos/as e as súas creacións (cabazas, meigas, pantasma, arañas,...). Propoñeremos unha exposición de vasoiras que decoren coa colaboración dos pais, nais, avós,... para logo facer unha exposición das mesmas no centro.

Para o propio día no que o celebramos dramatizaremos un conto de medo en galego no que participarán nenos/nenas encargados da biblioteca.

E faremos un obradoiro de maquillaxe : pintaremos os nenos/as coa caracterización propia do Samaín.

- Nadal: “A miña verba favorita” cada neno ou nena, deseñará un cartel coa súa verba favorita e colocáremos nos pasos das escaleiras para que se nutran de mensaxes positivas cando entran no colexio.

- **Segundo trimestre.**

- Día da Paz: conxuntamente co equipo de actividades extraescolares planificaremos diferentes actividades para celebrar este día da Paz, algunha proposta pode ser:
 - aprendemos unha canción relacionada coa paz en galego
 - visualización de cortos sobre posibles conflitos e educación en valores para traballar, a reflexión sobre o conflito, solucións que darían, ...
 - Diferentes manualidades, obradoiros, mensaxes,... para promover a Paz.

- Entroido. Cada curso elaborará o seu disfraz. Toda esta activade terá lugar a nivel interno.

Tamén propoñemos facer a actividade chamada “**Amanda a que manda**” que consiste en que cada día traemos un complemento de Entroido que acordemos antes entre todos (decide Amanda, que é un espantallo feito con roupa, farrapos,...) e que iremos acumulando no transcurso dos días: algo na cabeza, algo no pescozo, logo un disfraz completo...

- Día do libro. Ademais das actividades que cada titor propoña para facer cos seus alumnos/as. Faremos un recuncho de lectura libre no patio con libros en galego e logo os maiores leranlle un conto ós pequenos, este conto será en galego.
- O meu recuncho galego: concurso de fotografía no que os participantes terán que traer unha foto dun lugar que lle guste da nosa contorna e facer unha descrición do mesmo en galego, logo faremos unha exposición e os compañeiros tratarán de adiviñar o lugar.
- Contacontos e títeres en galego: dende o ENDL xunto coa biblioteca intentaremos traer un contacontos en galego para que faga unha representación no centro e tamén unha representación de títeres en galego para todo o alumnado do Centro.

- **Terceiro trimestre.**

Semana das letras galegas. O colexio esta semana festexa as letras galegas con actos todos os días: teremos sesións de conta-contos, levaremos a cabo diversas actividades a realizar eses días segundo as posibilidades que aparezan, levaremos a cabo xogos populares e traballaremos a obra do autor homenaxeado este ano.

Cada día na Semana das Letras Galegas imos a propoñer diferentes actividades por ciclos como busca de refráns galegos, palabras e expresións, fotos de lugares emblemáticos galegos e da propia zona,...

- Outras actividades que poidan xurdir a partir doutros equipos no Centro (tics, extraescolares,...)